

Non foron heroes nin perseguiron a notoriedade. Traballaron arreo, en silencio e sen descanso, convencidos de que a expansión do libro e a lectura propiciarían a conquista da xustiza igualitaria e a fin da discriminación social. Formaron un colectivo que, co dos traballadores do ensino, talvez represente o mellor daquela república nacida coa primavera e a ledicia. Aqueles homes e aquelas mulleres que poñían orde nas bibliotecas, nos arquivos e nos museos arqueolóxicos estaban convencidos de que socializar a lectura pública suporía avanzar con paso firme pola senda democrática, libre e solidaria encarnada pola II República.

As 'infames' bibliotecarias

TEXTO Francisco Xavier Redondo Abal


O ARTIGO 1º DA CONSTITUCIÓN DECRETADA E sancionada en decembro de 1931 definía o estado como «unha República democrática de traballadores de todas as clases». Esqueceron engadir «e de bibliotecarios!». Porque aqueles bibliotecarios, na mellor tradición libertaria e obreirista, entenderon a instrución coma unha arma de progreso invencibel. E sabían que a derrota do analfabetismo posibilitaría asentarse o réxime democrático e de liberdades instaurado pola República. Combater con todas as súas forzas o 43% de iletrados existentes en España, segundo o censo de 1930, foi unha tarefa tan maiúscula como prioritaria.

As novas autoridades tamén o entenderon así. Eran coñecedoras da inviabilidade do réxime republicano se antes non se daba unha solución axeitada ao problema da carencia de instrución: a falta de cultura propicia escravos e mentes doadas de manipular. Así foi sempre e como tal se expresou, por exemplo, Marcelino Domingo, o primeiro ministro de Instrución Pública e Belas Artes no Goberno Provisional, que falaba de sementar sen descanso libros e bibliotecas por toda España. Ou o seu sucesor, Fernando de los Ríos, para quen a lectura era un salvavidas democrático. Rodolfo

Llopis, pola súa parte, subliñaba que só as cidades eran republicanas, mentres o mundo rural permanecía aferrado á tradición e habería que gañalo para a República mediante libros e bibliotecas que o liberarían do seu atraso secular e vergoñento.

Os orzamentos dedicados a Instrución Pública non deixaron de medrar: dos 209 millóns de pesetas en 1931 pasouse aos 347 en 1935. E xunto a un espectacular incremento no número de escolas e mestres, florecían bibliotecas e libros alí onde nunca existiran. Máis de 5.000 novos puntos de lectura xurdiron por toda España. Algo máis de 400 na Galiza. As Misións Pedagóxicas levaron lotes de libros ás pequenas escolas do rural e o mestre-bibliotecario abriu as portas da nova biblioteca a toda a poboación. A Xunta de Intercambio e Adquisición de Libros renovou os contidos dos fondos bibliográficos xa existentes, equilibrando as materias a favor da literatura, a historia, a xeografía ou as ciencias en detrimento dos volumes que trataban sobre haxiografías de santos, interpretacións da Biblia, comentarios de textos sagrados, etc.

As políticas republicanas lexislaron a favor do préstamo de libros a domicilio, renováronse as técnicas



da biblioteconomía copiando aos países máis avanzados e facilitáronse as estadias no estranxeiro aos profesionais das bibliotecas coa finalidade de que aprendesen os últimos avances na materia. En definitiva, combateuse a biblioteca erudita, pechada e discriminadora e por primeira vez pensouse máis no lector e na lectura. Para todos.

A resposta da poboación foi máis que positiva e esta é unha cuestión que adoita pasar inadvertida. A lectura socializada gozou dun elevado grao de acollida e o esforzo levado a cabo polos responsábeis republicanos materializouse nunhas elevadas taxas nos índices de lectura. Até a chegada da II República nunca xamais ningún goberno colocara en primeiro plano a cuestión da lectura pública, e fíxose ademais cunha vertixinosidade asombrosa en forma de leis e decretos. Ningún poder público tomara antes en serio a socialización da lectura.

Por estas e outras razóns non pode estrañar que tras o golpe de estado de xullo de 1936, libros e bibliotecas fosen considerados botíns de guerra. Ou como afirmou Josep Fontana: «A República construíu escolas, creou bibliotecas e formou mestres; o réxime

do 18 de xullo dedicouse desde o primeiro momento a pechar escolas, queimar libros e asasinar mestres». Tampouco sorprenderá que a Residencia de Estudiantes, a Universidade, o Ateneo ou a Institución Libre de Ensinanza se convertesen en inimigos para combater, ao igual que os intelectuais, que precisamente por selo tiñan unha gran responsabilidade na traxedia española. Cando menos, así o pensaba Enrique Suñer Ordóñez. Na opinión de Pedro Sainz Rodríguez, primeiro ministro de Educación Nacional do réxime franquista, o principal ministerio onde habería que entrar a sangue e lume era o de Instrución Pública, entre outras razóns porque, tal e como escribía o xornal ABC de Sevilla o 18 de abril de 1937: «En nada ha sido tan prolífica la monstruosa fecundidad de la República como en maestras y maestros, no sólo laicos, sino sectarios y amorales».

O corpo de funcionarios

E os bibliotecarios? O último censo da etapa republicana, publicado a finais de 1935, infórmanos da existencia de case 300 funcionarios repartidos en apenas 200 establecementos e agrupados no Corpo Facultativo de Arquiveiros, Bibliotecarios e Arqueólogos



Na páxina anterior, unha moza lendo *A Iliada*. Sobre estas liñas, cartéis do tempo da II República e a Guerra Civil.

(CFABA). Conformaban, pois, un pequeno anaco da Administración do Estado ao que accedían tras superar unhas rigorosas e duras oposicións. É verdade que non todos saudaron a chegada da República e non viron con bos ollos os pulos innovadores. Algúns proviñan de escalas creadas moito tempo atrás —en 1936 aínda traballaban funcionarios que superaran as súas oposicións a finais do século XIX— e, en xeral, receaban de calquera tentativa modernizadora, apostando por manter un absurdo control social no acceso ás bibliotecas e aos arquivos. En realidade, vivían moi comodamente de portas cara a dentro, defenderon un sistema erudito e discriminatorio e asumiron un rol de elite copando os postos máis elevados na escala dos funcionarios. Antes e durante o período republicano foi normal velos militar en organizacións como a Unión Patriótica do xeneral golpista Miguel Primo de Rivera, Acción Española, Comución Tradicionalista ou Falange Española. Ao remate da Guerra Civil serán os responsábeis de delatar, investigar, depurar e propor sancións para aos seus ex-compañeiros.

Porén, outros moitos integrantes do CFABA, novos algúns e non tanto outros, tomaron como propios os proxectos modernizadores propagados pola República, decantándose decididamente pola universalización da lectura. Viaxaron con frecuencia por Europa na busca das últimas teorías bibliotecarias. Aprenderon idiomas, ampliaron as súas olladas en multitude de facetas vitais e, ao cabo, remataron comprometéndose na construción dun estado democrático, laico e soberano. Incluso coa guerra xa iniciada, destacaron na defensa

e salvagarda do patrimonio artístico e bibliográfico asediado polos bombardeos aéreos franquistas. Tamén contra os excesos da revolución. Tales foron os casos de Tomás Navarro, Ignacio Mantecón, Teresa Andrés, Consuelo Vaca, Asunción Martínez Bara, Concepción Muedra ou Luis Vázquez de Parga, integrados en dous organismos creados pola República para a protección daquel tesouro ameazado: a Xunta de Incautación e Protección do Tesouro Artístico e o Consello Central de Arquivos, Bibliotecas e Tesouro Artístico. Cando finalice a guerra, moitos pagarán un alto prezo polo seu pasado republicano e antifascista. Para eles unicamente restaba o exilio ou a depuración e o castigo.

Represión organizada

A depuración dos bibliotecarios e arquiteiros republicanos comezou antes do remate do conflito. O 10 de febreiro de 1939 o xeneral Franco asinaba a lei que fixaba as normas para a depuración de funcionarios. Con ela, ademais de celebrar a caída de Cataluña nas mans dos sublevados, buscábase sanear todos os corpos que integraban a Administración e, ademais, dentro da dinámica represiva do novo réxime, deixar patente que non habería clemencia para aqueles que se opuxeran ao golpe. Mesmo os indiferentes quedaron avisados. Todos foron avaliados: diplomáticos, mestres de escola e

A lei para depurar funcionarios redactouna quen argallara un plan para gasear as Cortes republicanas

profesores de universidades, xuíces, fiscais, empregados das compañías de ferrocarril, das arrendatarias de tabacos, etc. Tamén os bibliotecarios.

O texto da lei foi redactado por un integrista convencido, Eugenio Vegas Latapie, que tempo atrás argallara un plan para gasear as Cortes republicanas en plena sesión e máis tarde estudou a posibilidade de atentarse contra Manuel Azaña. O obxectivo da lei era claro: afastar dos aparellos do estado a todo aquel que mantivese algunha conivencia republicana, esquerdista ou sindical. Para iso, un destacado integrante de cada corpo de funcionarios foi facultado para indagar na vida privada e pública dos seus compañeiros, tratando de coñecer cales eran as súas crenzas relixiosas, políticas e morais, así como tamén as súas actividades durante o período bélico. Pouco importaba o prestixio, pois todos foron considerados *culpábeis* en primeira instancia e todos deberon demostrar a súa *inocencia* para permanecer dentro do Novo Estado.

O xuíz-instructor nomeado para investigar as actividades dos integrantes do CFABA foi Miguel Gómez del Campillo. Nacido en Madrid en 1875 e integrante do corpo desde xullo de 1899, este excepcional latinista e paleógrafo alcanzou a dirección do Arquivo Histórico Nacional tras un real decreto en setembro de 1930. Esa será a sede do xulgado que investigará a ducias de funcionarios. Porque, entre xullo de 1939 e marzo de 1942, Gómez del Campillo redactará centos de oficios solicitando información sobre os seus compañeiros. Informes dirixidos a alcaldes, gobernadores civís e militares, reitores de universidades e decanos de facultades, xefes locais de Falanxe, responsábeis do Servizo de Información e Policía Militar —a espionaxe franquista— e da Delegación do Estado para a Recuperación de Documentos. O arquivero

tamén invitará o resto dos funcionarios do Corpo Facultativo a prestar declaración contra os seus propios compañeiros. Un lamentábel exercicio de delación ao que non faltaron as elites da profesión: José María Lacarra, Eduardo Ponce de León, Antonio Sierra, Federico Navarro, Rafael Villaseca...

Tras a separación definitiva do servizo daqueles facultativos que xa se atopaban no exilio —entre eles, o compostelán Ramón Iglesia Parga—, o xuíz-instructor comezou o seu labor contra os funcionarios que permaneceran no país. Un grupo de mulleres excepcionais, galegas de nacemento ou adopción,

Tres mulleres pagaron cara a súa lealdade republicana: María Muñoz, María Brey e Juana Capdevielle

todas elas bibliotecarias comprometidas coa causa republicana, pagou un alto custo pola súa lealdade co goberno constitucional. Dúas eran galegas e foron depuradas e castigadas. A terceira nin sequera tivo esa sorte. Por que mulleres? Pois porque como afirmou María Moliner, bibliotecaria tamén depurada e sancionada tras a guerra, naquela Valencia capital republicana asediada polas forzas franquistas «as mulleres valían moito máis cós homes».

En María Muñoz Cañizo xuntáronse moitos dos demos que aterrorizaban aos novos defensores da moral, pois esta bibliotecaria mantivo, segundo Gómez del Campillo, «unha conduta escandalosa e libre e

XXXI MOSTRA INTERNACIONAL
DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS
DO 27 DE XUÑO AO 6 DE XULLO

volve o teatro

www.mostrateatrocangas.org





Juana Capdevielle, bibliotecaria asasinada polos golpistas en agosto de 1936 en Rábade. Debaixo, alumnas da Escola de Bibliotecarias de Barcelona preparan paquetes de libros pra a fronte de Aragón naquel mesmo ano.



À esquerda, arriba, o *Pindo*, unha biblioteca flotante das Misións Pedagóxicas. Debaixo, estudantes de Belas Artes debuxando carteis propagandísticos.

esquerdista *roja*». Nacida en Madrid o 9 de setembro de 1903, María era filla e neta de galegos. O seu pai, de Mondoñedo, e a súa nai, de Guitiriz, nunca deixaron de visitar nos veráns Galiza e a bibliotecaria sempre mantivo vivas lembranzas das praias de Foz e Viveiro. Licenciada en Filosofía e Letras, ingresou no CFABA en agosto de 1931. Unida á Institución Libre de Ensinanza —cuxos mestres «forxaron xeracións incrédulas e anárquicas», segundo José María Pemán—, María casou con Lorenzo Puga, mestre de música. Froito desa unión nacerá a súa única filla, María Rosa. O matrimonio non prosperou e antes de comezar a Guerra Civil decidiron divorciarse. Outra razón máis para a posterior persecución.

Coa vitoria franquista, María foi chamada a declarar perante o xulgado na sede do Arquivo Histórico Nacional. Ocorreu o 14 de decembro de 1939. Debeu ser difícil escoitar que a bibliotecaria «se encontraba separada de su marido y de su hijo [sic], viviendo en 'república' con el funcionario administrativo que estaba a sus órdenes, sosteniendo con él relaciones escandalosas». Mais o peor aínda non chegara: Gómez del Campillo descubriu a súa militancia en FETE-UGT, en Cultura Popular («organismo ultra-rojo») e, por último, na Asociación

Española de Relacións Culturais coa Unión Soviética. Tamén a súa pertenza a Amigos da Ensinanza Popular para o Fomento das Escolas Laicas. En definitiva, tal e como expresou o xuíz-instructor, a bibliotecaria era «izquierdista roja, sin creencias y contraria al Glorioso Movimiento Nacional». O 5 de marzo de 1940, unha orde asinada polo ministro Ibáñez Martín impoñíalle á bibliotecaria o traslado forzoso durante cinco anos a Mahón (Menorca), a postergación por idéntico espazo de tempo e a inhabilitación perpetua para acceder a cargos de confianza e directivos. Tivo sorte María.

Asasinada en Rábade

Todo o contrario lle aconteceu a Juana Capdevielle, que tería desexado mil expedientes de depuración. Mais o seu corpo sen vida apareceu tirado e cosido a balazos o 18 de agosto de 1936 nun punto do Monte da Gándara, preto de Rábade (Lugo). En concreto, no quilómetro 526 da estrada Madrid-A Coruña. Case un mes antes do seu asasinato, estando detida no cuartel da Garda Civil, soubo da sorte nefasta do seu marido, o avogado e gobernador civil da Coruña Francisco Pérez Carballo: en Punta Herminia fora fusilado xunto a dous defensores da República. Foi o 25 de xullo de 1936.

Juana, filla de pai francés e nai navarra, foi unha bibliotecaria intelixente, realmente excepcional. Nacida en Madrid en 1905, aos 25 anos xa era integrante do CFABA. Discípula de Manuel Naranjo e de Javier Lasso de la Vega, foi a primeira muller que alcanzou a dirección dunha biblioteca de centro —a da Facultade de Filosofía— na Universidade Central madrileña. Ademais, Juana foi nomeada tesoureira da acabada de crear Asociación de Bibliotecarios e Bibliógrafos de España e a Xunta para a Ampliación de Estudos concedeu unha bolsa para formarse durante catro meses en Clasificación Decimal Universal en Francia, Bélxica, Suíza e Alemaña.

Juana Capdevielle foi asasinada por varias razóns, mais a pregunta pertinente é: podería sobrevivir unha muller culta e independente naquela España tenebrosa e beata? Un amigo polo que sinto gran admiración díxome un día: «Nun lugar central da Coruña debería andar unha imaxe de Juana Capdevielle cun libro na man».

Enrique Rajoy Leloup —avogado, amigo de Alexandre Bóveda, secretario da Comisión Redactora do Estatuto galego en 1932, separado máis tarde da súa cátedra na universidade compostelá— e María Brey Mariño —amiga íntima de Azaña, fumadora empedernida, amante da novela negra, bibliotecaria depurada—, ambos os dous antepasados do presidente do Goberno, Mariano Rajoy Brey, son a proba irrefutábel de que a bondade e a empatía son condicións humanas que non se transmiten por herdanza xenética.

María Brey naceu na Pobra de Trives en 1910 e con apenas 22 anos xa ingresara por oposición no CFABA. Tras un breve paso pola Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, en 1933 ocupou un posto na Biblioteca da Presidencia do Consello de Ministros. Alí permanecerá até os inicios da Guerra Civil. Meses antes da vitoria franquista contraeu matrimonio

Enrique Rajoy e María Brey proban que a bondade e a empatía non se transmiten por herdanza xenética

con Antonio Rodríguez-Moñino, confirmando unha relación persoal e intelectual que se materializou en diversos ensaios e traducións.

A finais de 1939, as investigacións practicadas por Gómez del Campillo concluíron que María era unha «persoa de confianza das autoridades rojas». Mais unha das acusacións asombrosas que pesaron sobre a bibliotecaria foi «Esposa de Rodríguez-Moñino», literalmente. O 11 de xaneiro de 1940 foi chamada a declarar á sede do xulgado que instruíra a súa causa. Alí puido escoitar os nove puntos do prego de cargos redactado polo inquisidor arquiteiro. Entre outros, «ultraizquierdista» e «nada afecta al Movimiento». Mesmo foi acusada de non ser detida en Madrid polos milicianos!

O último día daquel mes de xaneiro, Ibáñez Martín asinou a orde ministerial asumindo todas e cada unha das propostas sancionadoras aconselladas por Gómez del Campillo: postergación, inhabilitación e traslado forzoso. María foi parar ao Arquivo da Delegación de Facenda de Huelva. Que mellor castigo para unha bibliotecaria que traballaba en Madrid que enviála a un arquivo de provincias?

DO 27 DE XUÑO AO 6 DE XULLO ESPECTÁCULOS

MEU BEN EME2, GALICIA
 COMO POR UN TUBO LA TÍPICA EN LEVE ASCENSO, ARGENTINA
 CLOCHARD GRAPPA TEATRO, CATALUÑA
 O OGROCHO NINGURES PRODUCCIÓN, GALICIA
 TEMPESTAD BARCO PIRATA, MADRID
 ONE HIT WONDERS CÍA DE DANZA SOL PICÓ, CATALUÑA
 MACBETH COMPANHIA DO CHAPITÓ, PORTUGAL
 ULTRANOITE NO PAIS DOS ANANOS CHÉVERE, GALICIA
 VULTO IBUPROFENO TEATRO, GALICIA
 LA SEÑORITA LUPIERRE CÍA MIGUELILLO, CASTILLA-LEÓN
 PEOR IMPOSIBLE PETER PUNK, GALICIA
 VAYA CIRCO KANBAHIOTA, MADRID
 OLIVIA NECESITA VERÁN ÁNXELA BLANCO E FABIANA CORRÊA, GALICIA
 AS FILLAS BRAVAS CHÉVERE, GALICIA
 CON DEZ POEMAS POR BARBA LADO E ALDAO, GALICIA
 ESPECTÁCULOS DO REVOLTALLO EN PEDRA

OBRADOIROS, EVENTOS, EXPOSICIÓNS...



www.mostrateatrocangas.org

XXXI
 MOSTRA
 INTERNACIONAL
 DE TEATRO
 CÓMICO
 E FESTIVO
 DE CANGAS